



Cra Coristanco-Santa Comba

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O DÍA 24 DE MARZO DO 2020

HORARIO	ACTIVIDADE
09:00	Aséome e preparo o meu almorzo
10:00	ARTE: Árbore primaveral (Kandinsky)
11:00	Aséome e preparo o miña merenda
12:00	Xogo libre/xogo só
13:00	Educación física: Globos
14:00	Aséome e axudo a preparar a comida e poñer a mesa

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS SON FLEXIBLES E VOLUNTARIAS

ÁRBORE PRIMAVERAL DE KANDINSKY

Chegou a **primavera!!!**

Para celebralo plantexámosvos unha actividade plástica baseada no pintor ruso **Kandinsky**.

1. Queredes coñecer un pouco da súa vida? Pois aquí vos deixamos un vídeo moi interesante

<https://www.youtube.com/watch?v=764GziXmG6g>

2. Este artista realizou un montón de cadros importantes. Algúns deles son os que aparecen neste outro vídeo.

Para elo propoñémosvos un xogo: **"Xoga a Buscar"** A ver se sodes capaces de descubrir distintas imaxes

que aparecen neles. <https://www.youtube.com/watch?v=UolmDP8rqU>

3. Un dos seus cadros máis coñecidos é **"Estudio de color con cuadros"**

A actividade que tendes que facer é unha árbore de primavera a partir deste cadro de Kandinsky.

Para elo precisades cartulinas de cores, tesoiras e pegamento.

A idea é que vos quede algo parecido a esta:

Non vos parece chulísima? Veña, moito ánimo e esperamos ver algunhas das vosas creacións.



XOGAMOS CON GLOBOS

Hola nen@s!! Hoxe imos a xogar con globos, pero antes temos que quentar e mover ese esqueleto cun baile. Buscamos na internet este enlace e imitamos os movementos .

<https://youtu.be/Bsuzl0lW2Dc> Podes bailar e saltar como queiras!!!!

1.Cun globo intentamos golpealo 5 veces sen que toque o chan coas mans, cos pés, coa cabeza e cos ombreiros.

2.Camiñamos cara diante e intentamos golpear o globo coas mans sen que se nos quede atrás. Podemos facer un pequeno circuíto.....SEN ROMPER NADA!!!

3.Pases alternos co globo con algún familiar que teña gañas de xogar un anaco.

4.Lanzo o globo o máis alto que poda e dou tres voltas polo chan antes de que o globo caia.

5.Dous globos . Serei capaz de aguantalos sen que toquen no chan...ummmmm....tes que ser moi rápido.

6.Tres globos. En canto tempo poderei explotar os globos sentándome enriba deles sen empregar as mans. Difícil non!!

Xa estamos rematando!....so nos falta coller un globo e rotus e decoralo como máis nos guste.

MOITOS BICOS E CUIDÁDEVOS !!!...MUAKS